

ADENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE LINGUA INGLESA DO IES POETA AÑÓN PARA O CURSO 2021/2022

Conforme o publicado na *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de evaluación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, o Departamento de Lingua Inglesa **modifica** a súa programación para o presente curso.

Nos apartados 7 e 8 do artigo 7 da *ORDE do 25 de xaneiro* establecese o seguinte:

APARTADO 7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de evaluación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materiais ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres evaluacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

APARTADO 8. O período abranguido entre a terceira evaluación parcial e a evaluación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizar a terceira evaluación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de evaluación individualizado que debe servir de base para o deseño na correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na evaluación final de curso.

En consecuencia, modifícase a programación do departamento , específicamente o apartado 6 na sección correspondente aos **criterios de cualificación e promoción do alumnado**.

Deste xeito, introdúcense os seguintes cambios:

- A evaluación extraordinaria de setembro queda suprimida na ESO.
- A terceira evaluación chamarase terceira evaluación parcial. A data para a realización desta evaluación será posterior ao 6 de xuño.
- A evaluación final ordinaria pasará a ser denominada evaluación final. Esta levarase a cabo a partir do 23 de xuño.
- O período abrangido entre a terceira evaluación parcial e a evaluación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- Realizarase un breve informe de evaluación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación .

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a. Criterios para determinar as cualificacións parciais (en cada trimestre).

Non se modifica a ponderación para calcular a cualificación de cada trimestre , de maneira que esta será obtida do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Probas} \times 0,7 + \text{Tarefas/Proyectos/Libreta} \times 0,2 + \text{Actitude/comportamento} \times 0,1$$

Cualificación das avaliaciós parciais.

As cualificacións de cada avaliação parcial consignaranse na acta e no boletín correspondentes.

- Expresaranse cunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose unha cualificación negativa os valores comprendidos entre o 1 e o 4 e positivas as restantes (do 5 ao 10)
- A cualificación parcial redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ó enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ó anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima será de 1 punto. Así, a unha cualificación parcial de 4,5 corresponderalle un 5 na cualificación da avaliação; a unha cualificación de 4,4 corresponderalle unha cualificación na avaliação de 4 .

Dado que a avaliação é progresiva na materia de Lingua Inglesa, isto é, en cada momento do curso estase a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado, non se realizarán probas de recuperación ó remate de cada trimestre.

b. Criterios para determinar a cualificación da avaliação final.

A cualificación final será a obtida na terceira avaliação, se ben no período de tempo abrangido entre a terceira avaliação parcial e a final (entre o 6 e o 22 de xuño) levaranse a cabo as actividades que se indican a continuación , que poden supor unha modificación da cualificación.

- **ALUMNADO QUE APROBE AS TRES AVALIACIÓNS PARCIAIS :** Realizará actividades de ampliación e, de ser necesario, tamén de reforzo (visionado de vídeos, escoita de audios con cuestiós de comprensión sobre os mesmos, lectura de textos, xogos na rede co fin de practicar as distintas destrezas, exercicios de escollo múltiple, encher ocos, tradución, parafraseado, prácticas de gramática e vocabulario e/ou presentaciós orais). As actividades serán deseñadas para ser levadas a cabo de xeito autónomo, coa supervisión do profesorado. Poderá facerse uso de materiais tanto en formato dixital (a través da Aula Edixgal e Aula Virtual do centro), como en formato papel.

O alumnado coa materia aprobada nas tres avaliações parciais, que complete as diferentes tarefas asignadas cunha valoración positiva, sumará 0.5 puntos á cualificación da 3^a avaliação parcial (cualificación previa ó redondeo): o resultado dessa suma (co correspondente redondeo) será a nota que figurará na avaliação final


- **ALUMNADO QUE NON ACADE UNHA NOTA MÍNIMA DE 5 PUNTOS NA TERCEIRA AVALIACIÓN PARCIAL (TRALO REDONDEO):** Terá que recuperar a materia mediante actividades de apoio e reforzo dos obxectivos, contidos e competencias non acadadas e unha proba final escrita. As actividades será supervisadas e contarán co apoio da profesora titular do grupo. Ademais, estas tarefas serán específicas e individualizadas para cada un dos alumnos e alumnas e tanto estas como a proba escrita serán deseñadas en base aos mínimos mencionados no apartado 2 (subapartado c) da programación do Departamento. Como no anterior caso, o alumnado disporá de materiais en soporte dixital nas aulas virtuais do centro así como en papel .

A cualificación obtida na proba final escrita substituirá á cualificación correspondente ó apartado A (probas) do cadre de ponderación de xeito que se sumará á media das cualificacións obtidas por traballo e por actitude nos 3 trimestres na proporción que se indicou anteriormente (proba escrita de recuperación x 0.7 + tarefas/libreta x 0.2 + actitude x 0.1)

- **ALUMNADO QUE TEÑA SUSPENSA A PRIMEIRA E/OU SEGUNDA AVALIACIÓN PARCIAL:** deberá realizar actividades de apoio e reforzo da avaliación ou avaliaciós suspensas (tal e como se establecía ó inicio do curso no apartado 6 da Programación). Os materiais de reforzo e repaso estarán dispoñibles nas Aula Edixgal e Virtual do centro, facilitándose tamén, cando se considere conveniente, outros materiais en soporte papel.

A cualificación final deste alumnado será a mesma que a da terceira avaliação parcial.

En Outes, 6 abril 2022



Asdo: M^a Dolores Martínez Martínez
Xefa do Departamento de Lingua Inglesa